

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Mulleres en xeral

CANTO DURA: 1 sesión de 2 horas aproximadamente

QUE SE NECESITA: un espazo amplo, música, papel continuo, materiais gráfico-plásticos, caixas de cartón, cola, elementos naturais, teas, papeis e obxectos.

QUEN IMPARTE

Fedra Alcaraz Ladrero é responsable da área artística e pedagóxica da cooperativa A Morada. Licenciada en Belas Artes e con formación para a sensibilización en xénero, ten experiencia na ensinanza artística no ensino regrado e non regrado.

Ana Martínez González é a responsable da área de dinamización comunitaria da cooperativa A Morada. Traballadora social con formación en xénero e facilitación de grupos.

QUE É?

Este obradoiro é unha invitación a reflexionar, dende unha perspectiva feminista, sobre as nosas vidas. Tomar consciencia das nosas traxectorias vitais, conectar co noso pasado, resgatar a nosa infancia, comprender o noso devenir e proxectar camiños cheos de posibilidades polos que transitar.

OBXECTIVOS

- Crear un espazo de creatividade e experimentación artística.
- Reflexionar sobre como os imperativos sociais patriarcais teñen influído na nosas decisións e formas de vida.
- Compartir experiencias con outras mulleres nun espazo de seguridade.
- Fomentar a iniciativa persoal e o intercambio colectivo de saberes para crear obras tanto individuais como colectivas.

METODOLOXÍA

Facilitarase un espazo de seguridade onde poder expresarnos sen sentirnos xulgadas e onde o importante sexa o proceso e non o resultado. Empregaremos o debuxo coma ferramenta básica para trazar diferentes percorridos, mediante a cor, a textura ou as formas encheremos de significado os lugares do noso itinerario. Tamén usaremos a técnica da colaxe e a ensamblaxe para crear obras tridimensionais.

SECUENCIACIÓN DA ACTIVIDADE

1

TRAZANDO CAMIÑOS COLECTIVOS



- Realización dunha acción artística: xuntamos os nosos traxectos nunha obra colectiva, invitamos ás participantes a moverse polo espazo acompañadas pola música e deixando a súa pegada sobre o papel, trazando as liñas co propio movemento do corpo.
- Empregaremos diferentes instrumentos plásticos (brocha, rodillo, pincel, lápiz, elementos naturais) ou o propio corpo, elixir as cores, o tipo de trazo, a xestualidade...

30´

2

O NOSO ITINERARIO DE VIDA



Obra individual na que reflexionamos e representamos os nosos itinerarios:

- Os camiños: hai partes tortuosas, partes amables, sinuosas, unha ou moitas...
- As paradas: etapas da vida, lugares significativos, onde hai dor, onde goce?
- As transformacións, os cambios, as rupturas, os encontros...

30´

3

CONSTRUÍMOS UN REFUXIO ONDE ESTAR



- Cada participante elixe unha caixa de cartón na que construírá un espazo metafórico do seu refuxio ideal, onde sentirnos seguras e a gusto.
- Podemos empregar diferentes materiais, texturas, cores ou obxectos que representen esa sensación de acubillo.

60´

4

EXPOÑEMOS E COMPARTIMOS



Posta en común e peche: cada unha das participantes compartirá, se así quere facelo, a obras realizadas coas demais.

30´